

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XANEIRO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de xaneiro de dous mil once, á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Ignacio Gómez Pérez e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 27 de decembro do 2010 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Angel J. Martínez Rodríguez**, con domicilio a efectos de notificación na estrada de Francelos nº 105, Francelos, con número de rexistro de entrada 6682. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 03.12.11. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito en Francelos (Ref. Catastral 9710921NG6891S0001GS), a solicitude de **Don Angel J. Martinez Rodriguez**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Don Xabier Fernández Dávila**, con domicilio a efectos de notificación na Praza Buxan nº 2, desta Vila, con número de rexistro de entrada 7188. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 03.01.11. A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na rúa Transversal Muñoz Calero (Ref. Catastral 1032318NG7803S001MX), a solicitude de **Don Xabier Fernández Dávila**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

BAIXA NA TAXA DE SUMIDOIROS.-

Visto o escrito de **Don José Martínez Sánchez**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rosalia de Castro nº 6, no que solicita a baixa no padron cobratorio da taxa pola rede de sumidoiros do inmovible con ref. Catastral núm. 0420805NG7802S0001QT, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que dito inmovible corresponde coa pranta de garaxe coa conseguinte imposibilidade de que dispoña deste servizo, acorda:

1º.- Conceder a baixa na taxa pola rede de sumidoiros do devandito inmovible.

2º.- Notificar o presente acordo o interesado e os servizos de Intervención e Tesourería.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONTRATO.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Contrato de Consultoría e Asistencia Técnica con Don Manuel García Valdeiras, para a realización do servizo de asesoramento arqueolóxico para a Oficina de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia para o ano 2011”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO